

# O “bello sexo” na prensa galega do Sexenio Revolucionario

*“Bello sexo” in the Galician Press in the Revolutionary Six-Year Period*

**Ángel ARCAY BARRAL**

Universidade do Porto

arcaybarral@gmail.com

[recibido 11/10/2014, aceptado 13/02/2015]

*Mandamientos de la prensa:  
Fuera de esto se consiente, que se escriba libremente.*  
(Palomares Ibáñez 1983: 401)

## RESUMO

Este artigo versa sobre a presenza de mulleres escritoras na prensa galega durante o período comprendido entre 1856 e 1880, tomando como base unha pequena porcentaxe dos xornais galegos deste período para tratar de desentrañar a evolución da participación feminina nas publicacións. Poñerei en relación a lexislación do século XIX co número de xornais publicados e, por outra banda, relacionarei a presenza da muller na educación coa súa participación nas publicacións desta época.

**PALABRAS CHAVE:** Muller, prensa, Galicia, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal.

## RESUMEN

Este artículo trata sobre la presencia de mujeres escritoras en la prensa gallega durante el periodo comprendido entre 1856 y 1880, tomando como base un pequeño porcentaje de los periódicos gallegos de este periodo para tratar de averiguar la evolución de la participación femenina en las publicaciones. Pondré en relación la legislación del siglo XIX con el número de periódicos publicados y, por otra parte, relacionaré la presencia de la mujer en la educación con su participación en las publicaciones de esta época.

**PALABRAS CLAVE:** Mujer, prensa, Galicia, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal.

## ABSTRACT

This article discusses the presence of women writers in Galician press during the period from 1856 to 1880, based on a small percentage of Galician newspapers from that time in order to explore women's participation in press publications. First of all, I will try to relate 19th century legislation to the amount of published newspapers. Furthermore, I will connect the presence of women in education with their participation in press publications from that period.

**KEY WORDS:** Women, press, Galicia, Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Concepción Arenal.

ARCAY BARRAL, Á. (2015): “O “bello sexo” na prensa galega do Sexenio Revolucionario”, *Madrygal (Madr.)*, 18, Núm. Especial: 323-335.

**SUMARIO:** 1. Limiar. 2. A liberdade de prensa no s. XIX. 3. A muller e a súa formación intelectual no s. XIX. 4. A prensa galega no s. XIX. 5. As mulleres na prensa do s. XIX. 6. A prensa do Sexenio e a colaboración da muller. 7. Conclusións. 8. Referencias bibliográficas.

---

<sup>1</sup> Este artigo realizouse no marco do Proxecto de Investigación “Mulleres escritoras na Galicia do século XIX”, financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia (SI427C 2011/02-0) –coa cofinanciación do Fondo Social Europeo–, dirixido polo Dr. Antón M. Pazos (CSIC, Santiago de Compostela). Así mesmo, desenvolveuse coincidindo coa materialización de prácticas no Instituto de Estudos Gallegos “Padre Sarmiento” (CSIC, XuGa) no marco do convenio subscrito entre o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC).

## 1. LIMIAR

O presente estudo trata de analizar a participación feminina na prensa galega dun determinado período, entre 1856 e 1880. Responde esta selección temporal a unha necesidade de valorar o tempo inmediatamente anterior e posterior ao Sexenio, xa que tras un estudo previo puidemos comprobar un cambio nos ritmos de participación das mulleres escritoras neste medio.

Partindo da base da súa participación, ou tomando estes resultados como conclusións, poderemos relacionar os datos con dous ámbitos concretos, o da lexislación e o da educación feminina no século XIX, para comprobar se realmente cumpriron cos obxectivos marcados.

## 2. A LIBERDADE DE PRENSA NO S. XIX

É de sobra coñecido o baile de proxectos políticos aparecidos na España do século XIX. Cambios de ideas que moitas veces quedaron reflectidos na pródiga produción de textos constitucionais que manifestan o movemento político decimonónico na península. Se analizamos as diferentes Constitucións atopamos unha pluralidade de proxectos que moitas veces non variaba na práctica aínda que si buscaba a diferenciación teórica.

O xornalismo español deste período reflicte as diferenzas existentes entre os grupos burgueses que dirixían o país. As súas contradicións políticas podemos apreciarlas na lexislación que crearon para intentar manter unha prensa que lles interesaba para transformar o país, ao tempo que era unha ferramenta que querían ter controlada para evitar posibles ataques aos piares básicos da sociedade.

A relevancia do debate sobre a liberdade de prensa neste século ten o seu inicio no denominado Estatuto Real de 1834, onde comezamos a apreciar unha clara vontade por limitar as publicacións que tratan temas que puideran diferir en parte da visión oficial que se quería dar. É por iso que xorden neste momento elementos como o editor responsable, que era o encargado de avalar as publicacións e evitar deste xeito todo tipo de anomalías incómodas.

Prodúcese un gran cambio coa chegada dos progresistas ao poder, que suprimen na Constitución de 1837 todo tipo de censura previa nos medios escritos e decretan que todos os delitos relacionados coa imprenta serían solucionados por un xurado que moitas veces actuaba de xeito favorable para os medios de comunicación (Ruiz Acosta 2000: 29).

Mais, como xa dixemos anteriormente, a teoría non sempre se reflectía na práctica e por iso, escusándose no inicio do enfrontamento contra os carlistas, os políticos progresistas promulgaron un Decreto en outubro de 1837 onde establecían unha serie de medidas que dificultaban a creación e a publicación dos medios escritos. Algunhas destas medidas concretas consistiron nun gran desembolso económico para a edición dun xornal, no endurecemento do código penal ou na permissividade do peche de calquera publicación por parte dos gobernadores civís. Esta actitude seguiría funcionando incluso despois do fin do conflito bélico, polo que o argumento da reforma debido ao inicio da guerra carlista quedou certamente desvirtuado.

Foi por iso que a volta posterior dos moderados ao poder non supuxo un cambio radical, senón que trouxo consigo un incremento deste tipo de políticas restritivas coa liberdade de prensa. Podemos apreciar na Lei de imprenta de abril de 1844 e no Decreto de Gobernación do 6 de xullo de 1845 a reaparición da figura do editor responsable. Na mesma liña, xorden actuacións como o depósito previo, os xurados especiais ou a potestade para os representantes provinciais de retirar todas as publicacións que fosen nocivas para os seus intereses sen necesidade de denunciación.

Mais toda esta actividade podemos considerala iniciática en relación ao acontecido en 1857 coa Lei de imprenta publicada o 13 de xullo baixo o mandato do ministro de Gobernación Cándido Nocedal (Castro Alfin 1998: 84-86). Esta lei veríase complementada por outras posteriores coma a do 29 de xuño de 1864 e o Decreto do 7 de marzo de 1867, que deixaban tras de si unha situación crítica para a liberdade de prensa. Dende 1857 as autoridades tiñan facultades para suspender,

de oficio ou a petición do fiscal, os impresos que estimaran subversivos ou sediciosos. Isto complica a creación de novos títulos xornalísticos que xa durante o século XIX estaban caracterizados por contar cunha vida efémera e chea de atrancos. Tal era a desconfianza que se chegou ao punto de ter que entregar horas antes da posta en circulación da publicación varios exemplares aos gobernadores civís e aos xuíces e fiscais das imprentas para a súa análise. A propia Lei Nocedal esixía un depósito de 300 000 reais para a creación dun novo diario e 60 000 para os demais tipos de xornais (semanarios, revistas...). Rebaixaranse os prezos coa Lei de Cánovas do 22 de xuño de 1865 a 100 000 reais, aumentando progresivamente os títulos no mercado.

O estoupido revolucionario que rematou co mandato isabelino volveu ser sinónimo de cambio, ao igual que o fora a chegada dos progresistas anos atrás, pero desta vez cunha vontade renovadora que posibilitou un crecemento destacado da prensa en toda a península. Dentro do coñecido como Sexenio Revolucionario destacan o Decreto do 23 de outubro de 1868 e a Lei do 20 de xuño do ano seguinte, que se encargaban de anular todo o relacionado coa censura dos mandatos anteriores e creaban un novo marco xurídico onde xa non tiñan cabida os xulgados especiais creados con anterioridade. Na década seguinte atopamos o Decreto do 20 de setembro de 1873 onde se segue apostando por unha liberdade de prensa o máis ampla posible.

O réxime posterior, liderado por Cánovas del Castillo, optou por non modificar o fondo da cuestión e permaneceron en activo case todas as mesmas intencións do período revolucionario mentres que non atacasen o sistema monárquico ou a cuestión relixiosa. A liberdade lexislativa deste período revolucionario non incrementa a presenza de xornais nas rúas (Botrel 1975: 25-45), debido sobre todo aos decretos do 31 de decembro de 1874 e do 29 de xaneiro de 1875 (Cabrera, Elorza, Valero e Vázquez 1975), que establecen a aprobación previa á difusión, chegando incluso a ter porcentaxes similares aos de períodos anteriores.

### 3. A MULLER E A SÚA FORMACIÓN INTELECTUAL NO S. XIX

O sistema educativo español do século XIX trataba de xeito desigual o xénero feminino. Do mesmo modo, se a entrada no sistema educativo era dispar, as saídas laborais ás que se podían optar tamén eran incomparables. A cuestión principal deste asunto é que canto mellor fose a educación dunha persoa, maior sería a súa relevancia profesional. É por iso que o papel da muller supeditada na educación á sombra do home dará lugar a unha muller menosprezada tamén no mundo laboral, con menos posibilidades e con menos recoñecemento polas súas funcións.

O acceso da muller á formación non era algo habitual e nos casos existentes a educación que recibía estaba orientada a unhas características concretas que a sociedade da época relacionaba directamente con este xénero. É por iso que a formación relixiosa e todo o relacionado coas tarefas do fogar (costura, labores, cociña...) formaban a base programática da súa educación.

Comezou no século XIX unha confrontación entre as visións que defendían as clases burguesas, existindo por unha banda a visión conservadora da educación feminina e do rol que tiñan que xogar as mulleres e por outra unha nacente visión progresista que requiría unha apertura maior do sistema educativo ás necesidades do xénero. Este era un debate habitual nos círculos burgueses onde a instrución da muller sempre chocaba contra a corrente máis reaccionaria que defendía que as mulleres cultivadas non adoitaban ser boas nais e esposas. É por iso que, como indica a Armas García (2002: 195), non só nos temos que fixar na división entre mulleres con ou sen recursos para poder ter acceso á instrución, senón que moitas veces temos que atender á ideoloxía da súa familia, posto que os grupos máis progresistas defendían que a muller estaba predeterminada a coidar do marido, mais non por iso rexeitaban a súa entrada no sistema educativo como si facían a maior parte das familias de corte conservador.

Existiron pioneiras, casos de mulleres que a título individual chegaron a cursar estudos

superiores ou que participaron en actividades que moitas veces estaban só reservadas para os homes, mais non era algo habitual, xa que na maior parte das veces se trataba de mulleres pertencentes a estratos da alta sociedade e que rachaban co prototipo defendido pola igrexa católica, que buscaba unha muller casada que puidese ocuparse do fogar e do coidado dos fillos. Por razóns como esta entendemos o porqué dos altos índices de absentismo escolar entre as nenas, sobre todo ata finais do século XIX (Cruz del Amo 2009: 10-15). Hai autores que defenden que non son só as mulleres das clases altas as que teñen os medios para dar este paso adiante, senón que tamén a partir das contradicións coas que se atopan moitas mulleres de clase media empezan a tomar unha maior conciencia:

Cando ante unha situación familiar límite a muller desexa traballar para evitar a miseria atoparase ca negativa do pai ou do esposo, xa que ese paso supón (...) deixar de ser señorita para converterse en pobo. (Ballarín Domingo 1989: 251)

Unha boa maneira de achegarse ao mundo da educación feminina é por medio da famosa Lei Moyano de 1857, que rexería durante máis de un século o ordenamento lexislativo no sistema educativo peninsular. Malia recoller como obrigatoria a escolaridade das nenas de entre seis e nove anos e a mellora das escolas de párvulos (Capitán Díaz 1997: 137-138), o sistema continúa segregando por sexos á hora de programar as materias de estudo. Nesta liña, os homes serían formados en “Agricultura”, “Comercio”, “Industria”, “Física” ou “Historia Natural”, mentres que as mulleres pasaban a formarse en “Labores propias do sexo”, “Elementos do debuxo aplicado ás mesmas labores” ou “Lixeiras nocións de hixiene doméstica”. Incluso existía unha desigualdade latente no ámbito do mestrado onde as mulleres si que tiñan cabida, pero con soldos menores que os dos mestres; en concreto, serían dúas terceiras partes do soldo do profesor, como así establecía a Lei de Instrución Primaria do 2 de xuño de 1868, derogada coa chegada da Revolución (Ballarín Domingo 1989: 250). Porén, foi complicado borrar e facer esquecer esas ideas sobre a inutilidade da

instrución feminina unha vez dados os primeiros pasos, porque incluso dende as administracións municipais se chegou a pedir o peche das escolas mixtas ante o absentismo feminino e así aproveitar todo o recinto para a educación masculina (Freire Lestón 1996: 55). Situacións desta índole complicaban a reversión da problemática da instrución das mulleres, que durante anos se viu lastrada polo desinterese das autoridades, máis evidente aínda co tema do absentismo escolar. O problema é que a propia administración non se paraba a analizar que ese absentismo viña dado por diferentes causas ás que as autoridades lle podían dar solución: a dispersión poboacional de Galicia facía que as distancias entre os fogares e os colexios fosen en moitas ocasións un problema para as familias, ao igual que as funcións que desempeñaban as nenas nos seus fogares, onde tiñan que ocuparse das tarefas domésticas mentres que os nenos que axudaban no campo podían ter o luxo de asistir a clase en épocas onde o traballo non fose moi intenso (Freire Lestón 1996: 55).

Será coa Institución Libre de Ensinanza creada en 1876 cando apareza por fin en España o ensino mixto e unha aposta clara pola educación feminina, como así se promulgaba nos Congresos Pedagóxicos ou nas Conferencias Dominicais para a muller. Nos últimos anos do século XIX é cando as mulleres comezarán a ter acceso a graos de formación superior, pero non será ata o ano 1910 cando por fin poidan matricularse nas universidades españolas. É con esta posibilidade de acceder á educación superior cando a muller adquire a dignidade como persoa (Benso Calvo 2003: 57-78), ademais do progreso social que isto leva parello e que defenderon diferentes correntes como a krausista, que buscou sempre un avance na formación da muller a imitación de diferentes modelos centroeuropeos (Capitán Díaz 2000). Ese foi tamén o obxectivo dos políticos progresistas no seu afán por modernizar e europeizar a sociedade española, polo que se pensaba obrigatoria a reforma educativa (Suárez Pazos 2002: 150) e incluso de pequenos grupos vinculados ao socialismo utópico fourierista con presenza en España que reclamaban a igualdade entre os xéneros

en todos os ámbitos (Jiménez Morell 1992). Aínda así o programa krausista seguirá defendendo os marcos tradicionais do sistema patriarcal (Freire Lestón 1996: 51).

Non sempre os resultados foron satisfactorios, posto que, como indica Suárez Pazos (2002), existiron varias causas que impediron levar a bo porto todas as expectativas creadas para o ámbito formativo:

O momento histórico comprendido entre 1868 e 1874 constituíu un intento serio de renovar a ensinanza, do que son un claro exemplo a abundancia de leis, decretos (...). Mais, a inestabilidade social, o contexto económico e o escaso tempo co que contou a nova situación política impediron que moitas das súas expectativas pasaran dos debates á lexislación, e da letra dos decretos á práctica educativa. (Suárez Pazos: 2002: 139)

Polo ano 1860 había en España case oito millóns de mulleres (De Gabriel 1997: 202), das cales só un 9% aproximadamente (Freire Lestón 1996: 55) estaban alfabetizadas e sabían ler e escribir. Estes datos irán evolucionando, pero non deixa de ser curioso e relevante a pequena porcentaxe de mulleres formadas a mediados do século XIX, sabendo que o principal causante desta situación foi a eiva no sistema educativo feminino da primeira metade da centuria. Para o mesmo período, o número de homes é menor, pero, no entanto, a súa taxa de alfabetización está nuns valores netos do 31% (De Gabriel 1997: 202).

No referente ao mundo laboral, era complicado entender a muller fóra do seu ámbito de nai e ama de casa, nunha sociedade maioritariamente agraria e sen instrución na que tampouco existía unha preocupación maior por potenciar a súa evolución. O non ter acceso a unha educación pechaba xa a porta de demasiados traballos, polo que as súas posibilidades eran máis reducidas. Houbo que esperar novamente ata a chegada do período democrático e á recepción en España de ideais foráneos que potenciaron a dignidade da muller. Aínda así cómpre recoñecermos que a muller si que tiña acceso ao mundo laboral, sobre todo nos estratos máis baixos da sociedade e sempre por necesidade (Ballarín Domingo 1989:

246), xa que era empregada como man de obra en tarefas do sector primario e podía actuar no servizo doméstico das clases máis acomodadas, alén de seren empregadas tamén no nacente mundo fabril. Mais o seu traballo non se cinguía a unha xornada laboral, senón que na maior parte dos casos eran tamén as encargadas do fogar, do coidado dos maiores e tamén das crianzas. No caso contrario as mulleres das clases altas non tiñan ningún tipo de preocupación laboral unha vez contraído o matrimonio. Seguramente ao imaxinarnos o mundo laboral feminino do século XIX pensemos no libro *La tribuna* (1882), de Emilia Pardo Bazán, no que as súas descrições constitúen un reflexo verídico das miserias destas empregadas na fábrica de tabacos da cidade de Marineda.

A desamortización tamén provocou un cambio no campo da beneficencia, quedando esta en mans do Estado e non da Igrexa. Este era un ámbito onde a muller si podía actuar libremente co beneplácito da sociedade. Encontramos neste labor diferentes mulleres galegas, como foi o caso de Concepción Arenal ou Juana María de Vega, condesa de Espoz y Mina, que incluso levaron a cabo accións conxuntas. A muller, ese “anxo do fogar” que buscaba a sociedade, tiña permiso para participar neste tipo de actividades de axuda aos máis necesitados, sobre todo nesta época na que a deshumanización empeza a ser evidente, existen diferentes conflitos bélicos e empezan a aparecer fundacións como a Cruz Roja Española.

#### 4. A PRENSA GALEGA NO S. XIX

A prensa periódica galega inicia a súa existencia no século XIX como medio de comunicación, evolucionando dende simples mensaxes administrativas ou base para difundir as opinións das faccións políticas ata o conglomerado das novas que coñecemos na actualidade. Algúns autores refírense a ela como unha “criatura burguesa” por ser unha creación deste grupo urbano (Valcárcel 2007), tanto no caso dos medios creados pola vontade da Administración como na prensa que tiña obxectivos económicos e políticos concretos. Por iso moitos autores consideran que a liberdade de prensa pola que tantas veces se debateu non era máis que unha liberdade en

mans dos grandes grupos ou dos persoeiros que controlaban os medios impresos (Almuíña Fernández 1996). É habitual tamén na cidade de Compostela e aproveitando o panorama cultural universitario que moitos profesores e incluso estudantes organizasen e formasen parte de todo tipo de publicacións locais (Palomares Ibáñez 1983).

Co paso do tempo o feito de traballar nun xornal vaise convertendo nun emprego dignificado, posto que nun principio podía ser visto como unha colaboración obrigada para axudar os gobernantes, do mesmo modo que se entra a traballar na Administración; pero neste caso con gustos pola literatura. Os xornais irán evoluíndo cara a unha prensa máis informativa, onde a finalidade é a de ofrecer ao lector unha información imparcial e non unha opinión dun grupo político concreto. O inestable panorama político español do século XIX e as melloras no transporte inciden nestas alteracións (Almuíña Fernández 2008).

No caso galego existían núcleos cunha importante produción xornalística, pero que non podían competir con grandes cidades como Madrid ou Barcelona. De acordo con Cecilio Alonso (2006), onde se expón as porcentaxes de publicacións nas principais cidades, A Coruña é a sétima desta clasificación, con sete xornais propios, o que obedecía a unha porcentaxe do 1,86% das publicacións, algo incomparable co caso madrileño, que contaba con 164 e que representaba case a metade do creado, cun 43,73%.

En Galicia predominan as publicacións na cidade da Coruña por ser unha das urbes con máis movemento político, sobre todo no século XIX, e ademais ten a característica de non posuír un poder eclesiástico que a limite como acontece en Santiago de Compostela, onde tamén existe un número considerable de publicacións, pero de corte máis conservador.

O uso do idioma galego na prensa foi algo que podemos considerar anecdótico ou residual. Aínda con todo, foron moi destacados os pasos que varios persoeiros deron para ter prensa integramente en galego, como ocorreu coa publicación do semanario *O tío Marcos d'a Portela* editado en Ourense por Lamas

Carvajal, a primeira publicación monolingüe e cunha tirada de ata catro mil exemplares. A temática principal da publicación era a literatura, e era aí onde o uso do galego estaba máis normalizado posto que a gran parte de artigos que podemos atopar na prensa da época en galego son de natureza literaria e satírica. Seguindo a estela do semanario ourensán, aparecen outras publicacións como *A Fuliada*, *A tía Catuxa* ou *O Galiciano*, pero que non acadaron un contaxio ao resto da prensa, onde o idioma predominante era o castelán, máis relacionado coas clases poderosas que detestaban o galego por ser o idioma da xente traballadora, as clases baixas que non residían nas cidades. Por iso é habitual ver o uso do galego na prensa en pequenos diálogos satíricos onde se busca ridiculizar o señorito que fala en castelán (Aneiros e López García 2008).

## 5. AS MULLERES NA PRENSA DO S. XIX

En toda España existen dende principios do século XIX publicacións da chamada “prensa feminina”, algo pouco habitual en Galicia salvo raras excepcións, como a publicación *El Iris del Bello Sexo* (A Coruña, 1841); mais na súa maioría son publicacións de vida efémera, dedicadas a un público afectado pola lacra do analfabetismo do que tan só se libraba unha pequena porcentaxe nas capas máis altas da sociedade, polo que podería tratarse do receptor principal deste tipo de xornais e referíndonos sempre ao espazo urbano. Poderíamos diferenciar esta prensa feminina en dous pequenos grupos de semellante importancia: por un lado, o que imita a prensa francesa e dedica as súas páxinas a tratar as novidades que existen no mundo da moda e da alta costura, de ecos da sociedade (Cantizano Márquez 2004) sen ideoloxía política ou social e que non sempre estaba redactado polas propias mulleres. Por outra parte, outro tipo de publicacións máis acorde coas preferencias das escritoras, que poderemos agrupar baixo o título de literario, onde expresaban todos os seus coñecementos artísticos con diferentes composicións. Podemos atopar tamén algunha publicación de corte feminista, defensora da emancipación e que reivindica a participación activa da muller na sociedade.

Como explica Jiménez Morell (1992), nos primeiros anos da década dos sesenta a prensa feminina atravesaba unha reconversión ao conservadorismo, condicionada polos cambios políticos, os acordos da Igrexa na década anterior e o medo ás influencias estranxeiras. Empezan a destacar diferentes autoras que participan en publicacións que fan gala deste moderantismo, como pode ser o caso de Cecilia Böhl de Faber, abandeirada do neocatolicismo literario. O cambio de actitude parece chegar coa aparición, primeiramente en Madrid, das Escolas Normais de Mestras, que incentivou no xénero feminino a súa participación na sociedade e a súa emancipación. Son varias as publicacións

que dependen deste tipo de institucións, pero temos que ter en conta o reducido público que tiña acceso a este tipo de revistas e, polo tanto, o seu impacto na sociedade real.

A primeira revista galega dedicada integramente a mulleres apareceu no ano 1883 baixo o título de *Cupido* (Armas García 2002: 27-28), pero iso non quere dicir que ata o momento non existise unha demanda real de publicacións para este tipo de público. O que acontecía era que todas elas tiñan acceso a números anteriores doutros títulos publicados en Madrid ou Andalucía, onde as publicacións femininas tiñan unha traxectoria máis consolidada.

	Título do xornal	Anos	Números analizados	N <sup>os</sup> de artigos de autores/as
1	<i>Almanaque de la concordia de Vigo</i>	1879	1	33/2
2	<i>Almanaque humorístico para Galicia</i>	1878	1	13/1
3	<i>Almanaque para uso de la juventud</i>	1865/ 1866/1869	3	64/9
4	<i>El avisador</i>	1862	14	3/0
5	<i>El avisador orensano</i>	1878	28	5/0
6	<i>El defensor de Galicia</i>	1856	28	59/0
7	<i>Diario de Santiago</i>	1874-1875	279	442/9
8	<i>El domingo</i>	1880	7	65/1
9	<i>El eco de Galicia</i>	1870	26	46/0
10	<i>El eco de la verdad</i>	1868-1869	67	17/0
11	<i>La exposición compostelana</i>	1858	14	80/0
12	<i>La gacetilla de Santiago</i>	1872-1873	43	14/0
13	<i>Galicia: revista universal de este reino</i>	1860-1865	102	605/94
14	<i>El gallego: periódico semanal...</i>	1879-1880	74	509/10
15	<i>El heraldo gallego</i>	1874-1880	409	1443/212
16	<i>La ilustración de la Coruña</i>	1860/ 1863-1864	32	62/0
17	<i>La ilustración de Galicia y Asturias</i>	1879-1880	72	512/48
18	<i>La joven Galicia</i>	1860	26	115/3
19	<i>El Miño</i>	1860-1865	45	170/7
20	<i>La Oliva</i>	1856-1857	100	203/0
21	<i>El pensamiento gallego</i>	1865-1866	14	70/0
22	<i>Revista de Galicia</i>	1880	20	139/23
23	<i>Revista Galaica</i>	1874-1876	44	603/19
24	<i>El trabajo</i>	1879-1880	112	15/1

Tabela 1. Índice de xornais analizados

## 6. A PRENSA NO SEXENIO E A COLABORACIÓN DA MULLER

Analizamos a continuación, de maneira gráfica, as colaboracións das mulleres no panorama xornalístico galego. Comezamos resumindo os xornais analizados, os seus anos de publicación, os números aos que tivemos acceso e as cantidades de sinaturas obtidas, tanto para o caso masculino como para o feminino (Tabela 1). Hai que remarcar a brevidade deste tipo de periódicos, sendo escasos os exemplos que superan a centena.

Na segunda tabela faise referencia ás autoras (e os autores que usan pseudónimos femininos) que aparecen asinando nos xornais e os números de artigos que publican. Podemos

diferenciar tres grupos, o dos nomes destacados da literatura galega, o das autoras que sen ter tanto renome colaboran cun gran número de artigos e quen realiza achegas de xeito testemuñal. Na maior parte dos casos, unha gran cantidade de artigos significa que participaron con obras seriadas, divididas en diferentes números do mesmo xornal.


Na Gráfica 1 explicamos as porcentaxes de mulleres e homes que participan na prensa nos lustros establecidos e o número de xornais que consultamos para cada caso (esta última información aparece entre parénteses). Non hai un mesmo número de xornais para todos os casos porque, como xa dixemos, o número de publicacións vaise ampliando progresivamente co paso do tempo.

	Autora	Artigos		Autora	Artigos
1	Angela Grassi	2	<b>22</b>	Esperanza	1
2	Antonia Díaz Fernández	1	<b>23</b>	Eurica	2
3	Arminda Flora Serrano <sup>1</sup>	2	<b>24</b>	Virginia Felicia Auber	73
4	Avelina Valladares	1	<b>25</b>	Feliciano Enríquez	1
5	Benita Lago	1	<b>26</b>	Filomena Dato	9
6	Clara Corral	8	<b>27</b>	Francisca Torres	1
7	Clementina Ridecós	1	<b>28</b>	Josefa Pujol de Collado	3
8	Clorinda	1	<b>29</b>	Josefa Ugarte Barrientos	6
9	Clotilde Romero Gómez	1	<b>30</b>	Julia de Asensi	1
10	Concepción Arenal	19	<b>31</b>	La aficionada al dibujo	1
11	Concepción Gimeno	2	<b>32</b>	Luisa Velaviña	26
12	Condesa Dash	4	<b>33</b>	Manuela Cambronero	1
13	Concha Espoz y Mina	2	<b>34</b>	M. Elisabeth	1
14	Constanza Vereá	1	<b>35</b>	Natalia	1
15	Dionisia Salomón	1	<b>36</b>	Narcisa Pérez Reoyo	18
16	Elvira Luna	4	<b>37</b>	Sofía Casanova	1
17	Elisa Lestache	2	<b>38</b>	Sofía Tartilan	10
18	Emilia Pardo Bazán	64	<b>39</b>	Rita Corral	5
19	Emilia Calé de Torres	104	<b>40</b>	Robustiana Armiño	30
20	Enarda	1	<b>41</b>	Rosalía de Castro	21
21	Ermelinda de Ormaeche	2			

Tabela 2. Índice de autoras e número de artigos rexistrados

<sup>1</sup> Arminda Flora Serrano é o pseudónimo usado por Valentín Lamas Carvajal.






Gráfica 1. Porcentaxe de sinaturas

Se non temos en conta a influencia da publicación *Galicia: revista universal de este reino* (1860-1865), na que para o segundo período atopamos un total de 120 números, con 553 artigos asinados por homes e 94 por mulleres, veremos que os datos debuxan unha certa evolución, como apreciamos na Gráfica 2. A gran cantidade de sinaturas femininas que participan deste proxecto fan que varíe a visión de conxunto e pode dar lugar a unha análise errada da situación debido á súa excepcionalidade.

Pola contra, se suprimimos o impacto desta revista veremos que para estudar o período entre 1861 e 1865 quedamos con 69 números, nos que recolleamos 8 artigos de mulleres para 197 rubricados por homes, o que deixaría unhas porcentaxes que representan o 3,9% e o 96,1%, respectivamente. De acordo con estes últimos datos si poderíamos ver a evolución normal, o despegue nunha época onde a Lei Nocedal xa non ten efectos e comeza a abrirse timidamente a prensa á participación feminina.



Gráfica 2. Porcentaxe de sinaturas sen *Galicia: revista universal deste reino*

Un caso similar sería o da publicación *El Heraldo Gallego*, da que analizamos 306 números nos que apareceron 152 artigos asinados por mulleres, unha cifra bastante significativa pero que non ten o mérito de *Galicia: revista universal deste reino*, toda vez que esta circula no último período, xa chegando aos inicios do século XX, momento no que existe un maior número de autoras e máis facilidades para poder publicar.

Concluimos deste feito que *Galicia: revista universal deste reino* foi unha das precursoras de prensa literaria feminina e dun novo nacionalismo europeo, ademais dunha das primeiras revistas culturais destacadas con traballos en lingua galega que buscaban a difusión cultural como unha canle de evolución social. Diferentes autoras colaboraron nas páxinas desta revista (Pérez Lucas 2009) como Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Emilia Calé ou Virginia Felicia Auber, e incluso outras colaboraron coa revista sen chegar a publicar nada, como foi o caso de Elvira Luna ou Elvira Lestache. Moitas delas escriben composicións poéticas de temática relixiosa, patriótica, amorosa ou naturista, e *Galicia: revista universal de este Reino* acollerá tamén unha das primeiras composicións publicadas de Rosalía de Castro, a obra *Adiós que eu voume*. Estaba baixo a dirección dos irmáns Antonio de la Iglesia e Francisco María de la Iglesia que buscaban, con afán universalista, difundir todo o posible o amplo patrimonio galego en diferentes ámbitos. Eran defensores do feminismo fourierista, aínda que procuraron unha educación utilitaria e burguesa das mulleres; porén, como explica Pérez Lucas (2009), tratábase dunhas bases profeministas que pretendían que o Estado se preocupase da educación das mulleres aínda que o seu futuro seguira ligado ao fogar.

No entanto, a nivel xeral os resultados que se puideran intuír dos cambios legislativos non aparecen. Si que se aprecia nos datos estatísticos a escasa participación feminina nos anos de incidencia da Lei Nocedal e outras leis restritivas, pero non se percibe o punto de inflexión que poderíamos atopar nos anos do Sexenio Democrático. Ben é certo que, como se explica nas conclusións, este é un estudo

moi condicionado por non estar recollidos nel todas as publicacións existentes en Galicia, o que indica que poden existir variacións no caso de que aparezan publicacións cun alto índice de participación feminina como acontece con *Galicia: revista universal de este Reino*.

Como vemos na Tabela 2, existe unha gran cantidade de autoras que non pasan da decena de artigos publicados no período de 1856-1880. Cómpre explicarmos que das que teñen unha produción máis destacada non sempre se debe a que colaboraran en moitos xornais, senón que tiñan a posibilidade de publicar algún tipo de historia seriada a diario na prensa e por iso aumenten nas estatísticas as súas achegas, como é o caso de Virginia Felicia Auber ou Luísa Velaviña. Pola contra, hai autoras que colaboran nun amplo número de publicacións baixo diferentes títulos, como pode ser o caso de Emilia Calé ou Emilia Pardo Bazán, que formaban parte de diferentes xornais e por iso os seus nomes aparecen con máis ocorrencia.

Hai autoras destacadas que comezan a despuntar nestes anos que estudamos, como pode ser o caso de Emilia Pardo Bazán, que nace en 1851, polo que tamén é comprensible que non aparezan escritos seus ata os períodos finais. Aínda que cos resultados da Gráfica 1 non podemos apreciar o despegue das publicacións femininas, ben é certo que dende o Sexenio Democrático comeza a facerse máis habitual a incorporación das súas sinaturas aos medios de comunicación; así, a principios do século seguinte, xa está case normalizada a súa situación: aumentan as publicacións literarias e podemos atopar máis creacións destinadas ao público feminino. Por iso podemos afirmar que co paso dos anos a situación das mulleres escritoras vai mellorando, ou polo menos vai sendo menos precaria.

Malia que as porcentaxes de participación entre sexos que vemos nas gráficas amosa un panorama desolador, temos que comprender como eran os xornais da época, ademais da mentalidade imperante que menosprezaba as mulleres en todos os eidos. As publicacións periódicas do século XIX eran moi diferentes ás da actualidade, sobre todo ata os tempos da Revolución Gloriosa. Daquela os xornais

tiñan unha vida efémera e é extraordinario que superaran a centena de números. Eran xornais curtos, de poucas páxinas e de temática, nun principio, moi reducida: os xornais adoitaban ser o órgano comunicativo dalgunha corrente política ou comercial e foi co paso do tempo cando se foron incorporando as creacións literarias e incluso as novas do lugar, pero iso non era asunto das mulleres, que aínda non eran reporteiros por non estar considerado este oficio como algo propio do seu xénero. Elas encargábanse das composicións literarias, odas costumistas, creacións de temática feminina<sup>2</sup>, poemas, narracións curtas, vida social, estudos sobre as mulleres, literatura para mestras, receitas útiles, economía e medicina caseira, hixiene ou moda. Estes eran os temas habituais da época decimonónica para as autoras que colaboraban nos xornais. Polo contrario, os varóns falaban de política (tema que se amplía no Sexenio), do ferrocarril, das novas que había nas cidades ou do xornalismo satírico, sobre todo en temas políticos, algo que se incrementou nas épocas de liberdade de prensa como foi o caso do Sexenio. Aumenta tamén nesta etapa, debido aos permisos do goberno, a creación de asociacións obreiras (Arroyo Cabello 1993), o que supón a aparición dos primeiros xornais obreiros, un fito importante, xa que a prensa comeza deste xeito a introducirse en eidos sociais nos que non tiña tirada debido ao analfabetismo de parte da cidadanía. Para alén disto, debemos de ter en conta que a muller non foi xuridicamente independente en todo o século XIX, polo que era un reto demasiado complicado poder participar nun xornal, algo que xa se tornaba imposible se na casa o seu titor non lle daba o permiso oportuno.

## 7. CONCLUSIÓNS

Trala lectura deste traballo hai dúas conclusións obvias: a primeira é que se trata dunha análise parcial dos xornais desta época e ao non poder abarcar a totalidade dos títulos

os resultados non son concluíntes, se ben é certo que si serven para facerse unha idea da situación da prensa naquela época, aínda que sexa a pequena escala. Así pois, os resultados manteranse incompletos mentres o estudo non aborde todas as publicacións existentes en Galicia. O exemplo máis claro podemos velo na Gráfica 1, na que para o período de anos comprendido entre 1861 e 1865 temos unha porcentaxe extremadamente alta en comparación cos outros catro lustros.

A outra conclusión que extraemos é que o acceso das mulleres á prensa quedaba supeditada á vontade masculina e á concepción decimonónica da división por sexos. Isto ten como resultado unha sinxela ecuación na que podemos afirmar que a menor acceso ao sistema educativo (función dependente da mentalidade do goberno en funcións e do seu traballo lexislativo), menor será tamén a inserción laboral posterior. E no caso das mulleres, aínda que a escolarización estivese equiparada á dos homes, non sempre estaría relacionada cunha educación profesional e necesaria para traballar despois nos medios de comunicación. Por outra banda, os editores dos xornais estaban ligados á burguesía urbana e só as mulleres próximas a este estamento tiñan posibilidades reais de formar parte da redacción dun xornal ou dunha revista. Ben é sabido que durante o século XIX a maior parte das decisións políticas, económicas e sociais estaban en mans dunha clase burguesa que, no caso urbano, concentraba amplas cotas de poder e caracterizábase polas súas relacións sociais case endogámicas en casinos, liceos e outros centros de sociabilidade típicos, polo que se facía moi complicado que unha muller do rural, por exemplo, chegase a ter acceso a publicar nalgún medio de comunicación galego. E o mesmo pasaba nas cidades episcopais, onde o discurso do poder eclesiástico ía por camiños similares.

<sup>2</sup> A dualidade temática é a mesma que podemos adiviñar no poema de Rosalía de Castro do poemario *Follas Novas* (1880: 39) onde dicía: “Daquelas as que cantan ás pombas i ás frores/ todos din que teñen alma de muller;/ pois eu que non as canto, Virxe da Paloma,/ ¡Ai! ¿de qué a terei?”.

Porén, a gran parte da prensa, mesmo as publicacións asinadas por mulleres, recordábanlle a todo o sector feminino o que delas se esperaba. Incluso os medios de comunicación sumábanse á presión social existente, insistindo en cales eran os labores aos que tiñan que atender e como se tiñan que comportar. En definitiva, as mulleres, submisas, víanse na obriga de obedecer as opinións da sociedade,

que non eran outras que as dos homes publicadas nos medios que eles mesmos controlaban. Xunto con todo isto, non debemos tampouco esquecer o termo de “ditadura espiritual do catolicismo” acuñado por Concepción Arenal na súa obra *La emancipación de la mujer española* (1974) e que reflicte de forma maxistrá a pegada da relixión en todo o contexto da época.

## 8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALMUÍÑA FERNÁNDEZ, Celso (1996): “Los gobernadores civiles y el control de la prensa decimonónica”, en C. Garitaonandia e M. Tuñón de Lara (coords.), *La prensa del siglo XIX y XX Metodología, ideología e información. Aspectos económicos y tecnológicos, Encuentro de Historia de la prensa*. Bilbao: Universidad del País Vasco, pp. 167-182.
- ALMUÍÑA FERNÁNDEZ, Celso (2008): “Formación y función de la opinión pública durante el reinado de Isabel II (1833-1868)”, en X. L. Axeitos, E. Grandío Seoane e R. Villares (coords), *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Universidade, Consello da Cultura Galega, pp. 453-476.
- ALONSO, Cecilio (2006): “Literatura y prensa periódica en España en tiempos de Pardo Bazán (1866-1921)”, en J. M. González Herrán, C. Patiño Eirín e E. Penas Varela (eds.), *Emilia Pardo Bazán: El periodismo. III Simposio*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 58-67.
- ANEIROS, Rosa e Xosé LÓPEZ GARCÍA (2008): “Breves apuntamentos para entender o nacemento do xornalismo en lingua propia”, en X. L. Axeitos, E. Grandío Seoane e R. Villares (coords), *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Universidade, Consello da Cultura Galega, pp. 477-495.
- ARENAL, Concepción (1974): *La emancipación de la mujer española*. Madrid: Ed. Júcar.
- ARMAS GARCÍA, Celia María (2002): *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- ARROYO CABELLO, María del Socorro (1993): “La prensa murciana en el Sexenio Revolucionario, (1868 - 1874)”, *Anales de la historia contemporánea* 9, pp. 70-79.
- BALLARÍN DOMINGO, Pilar (1989): “La educación de la mujer española en el siglo XIX”, *Historia de la Educación Revista Interuniversitaria* 8, pp. 245-260.
- BENSO CALVO, Carmen (2003): “Exclusión, discriminación y resistencias. El acceso de la mujer al sistema educativo (1883-1930)”, en E. Jato Iglesias e L. Iglesias da Cunha, *Xénero e educación social*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- BOTREL, Jean François (1975): “Estadísticas de la prensa madrileña de 1858 a 1909 según el Registro de Contribución Industrial”, en M. Tuñón de Lara (ed.), *Prensa y sociedad en España 1820-1936*. Madrid: Edicusa, pp. 25-45.
- CABRERA, Mercedes, Antonio ELORZA, Javier VALERO e Matilde VÁZQUEZ (1975): “Datos para un estudio cuantitativo de la prensa diaria madrileña (1850-1875)”, en M. Tuñón de Lara (ed.), *Prensa y sociedad en España 1820-1936*. Madrid: Edicusa, pp. 47-148.
- CANTIZANO Márquez, Blasina (2004): “La mujer en la prensa femenina del XIX”, *Revista de Comunicación de Andalucía* 11-12, pp. 281-298.

- CAPITÁN, Alfonso (1997): *La educación en la primera República española (1873)*. Valencia: NAU Llibres.
- (2000): *Educación en la España Contemporánea*. Barcelona: Ariel.
- CASTRO, Rosalía de (1880): *Follas novas*. La Habana: La propaganda literaria.
- CASTRO ALFÍN, Demetrio (1998): *Los males de la imprenta: Política y libertad de prensa en una sociedad dual*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas Siglo XXI de España Editores.
- CRUZ DEL AMO, María (2009): “La educación de las mujeres en España: de la amiga a la Universidad”, *Revista del Consejo Escolar del Estado* 11, pp. 8-22.
- FREIRE LESTÓN, Xosé Vicenzo (1996): *A prensa de mulleres en Galicia (1841-1994)*. Lisboa: Edições Universitárias Lusófonas.
- GABRIEL, Narciso de (1997): “Alfabetización, semialfabetización y analfabetismo en España (1860-1991)”, *Revista Complutense de Educación* 8, pp. 199-231.
- JIMÉNEZ MORELL, Inmaculada (1992): *La prensa femenina en España (desde sus orígenes a 1868)*. Madrid: Ediciones de la Torre.
- PALOMARES IBÁÑEZ, Jesús María (1983): “Prensa y política en Galicia: La prensa periódica compostelana (1875-1936)”, *Investigaciones históricas: Época moderna y contemporánea* 4, pp. 391-432.
- PÉREZ LUCAS, Paula (2009): *Escritura y visibilidad femenina en Galicia: revista universal de este reino (La Coruña: 1860-1865)*. Nottingham: Modern Languages Press.
- RUÍZ ACOSTA, María José (2000): “Poder político y prensa, la figura del Gobernador Civil en el Sistema Informativo de la España Decimonónica”, *Revista de Historia Contemporánea* 1/9-10, pp. 25-36.
- SANTOS GAYOSO, Enrique (2007): *Índice general de la prensa gallega: relación anual de la prensa gallega (1800-1993)*. Santiago de Compostela: Nino, Centro de Impresión Dixital.
- SUÁREZ PAZOS, Mercedes (2002): “Las reformas educativas durante el Sexenio Revolucionario”, en R. García Serrano (dir.), *España 1868-1874: nuevos enfoques sobre el Sexenio Democrático*. Castilla y León: Consejería de Educación y Cultura, pp. 139-157.
- VALCÁRCEL, Marcos (2007): “A prensa periódica en Galicia nos tempos de Emilia Pardo Bazán”, en J. M. González Herrán, C. Patiño Eirín e E. Penas Varela (eds.), *Emilia Pardo Bazán, el periodismo: actas do III Simposio (A Coruña, 3-7 outubro 2006)*. A Coruña: Real Academia Galega, pp. 75-89.